

**POR QUE O CONSELLO DA  
CULTURA GALEGA DEDICA UN  
CONGRESO AO CENTENARIO  
DE ÁLVARO CUNQUEIRO  
E NON AO DE RICARDO  
CARVALHO CALERO E OUTRAS  
REFLEXIÓNS SOBRE AS  
CANONIZACIÓNS**

**Carlos Callón**

Filólogo

doi:10.17075/mucnoc.2014.045





No ano 2001, José Luis Rodríguez Zapatero, aínda na oposición ao goberno de José María Aznar, sorprendeu no debate de política xeral centrando o seu discurso en que o Goberno español non fixera nada para preparar o 400 aniversario da publicación do *Quixote*. Non é nada estraño que un país con Estado mire polos principais referentes da súa cultura e, sen dúbidas, este romance cervantino éo para a española.

As dúas forzas estatais hexemónicas tiveron un dos seus poucos acordos na xornada xusto na promoción dese centenario. Non podía ser doutro xeito. O futuro ZP defendeuna como unha iniciativa *patriótica* e reclamoulle ao daquela presidente que realizase «un programa cultural para que el siglo XXI sea un nuevo siglo de oro en la cultura española» [*El País*, en liña].

Ese día o abraio dos comentaristas políticos foi grande. Primeiro, porque unha iniciativa cultural copou o protagonismo que se agardaba que obtivesen outros temas si conflictivos e, por conseguinte, habituais na axenda mediática. Era impensábel que se colocase na confrontación partidaria se se ía celebrar ou non o aniversario do *Quixote*, cando parecía un presuposto, un punto de consenso desde o inicio. Ese emblema *patriótico* (citando de novo a Rodríguez Zapatero) non era —nin é— cuestionado por ninguén dentro desa cultura.

Mais o estupor aínda era maior por se formular tal nivel de preocupación cando para ese centenario... faltaban aínda catro anos! De feito, cando chegou a efeméride, en 2005, xa era presidente do Goberno español José Luis Rodríguez Zapatero e os festexos do romance de Miguel de Cervantes, igual que foran unha das pedras basilares da súa campaña electoral, tamén constituíron un eixo dos primeiros anos do seu primeiro mandato. Sobra indicar que as principais institucións culturais españolas se implicaron no acontecemento e que ao PP, na oposición, lle parecía pouco todo esforzo gobernamental para ese cometido.

Se no caso español semella moi claro quen ocupa o centro do seu canon literario (con todas as implicacións sociais, educativas e políticas, desa centralidade), no caso galego poderíamos citar dúas figuras para esa primacía. Non en primeiro, senón en primeirísimo lugar, está Rosalía de Castro, que por norma xeral se con-

sidera o nome máis relevante, convertendo así o sistema literario galego nun dos poucos do mundo en que en tal posición se sitúa unha muller.

A súa obra deu lugar a lecturas antagónicas, que cobren grandes espectros sociais, incluídas manipulacións (tan claras como, para o que aquí importa, exitosas) por parte do españolismo. Ademais, nesa imaxe de piar da cultura galega, pesa o feito de que fose a consciente autora do primeiro libro contemporáneo monolingüe en galego, tanto no prólogo en prosa como nos versos. A data en que asinou a dedicatoria do volume, o 17 de maio, foi a escollida para celebrar, desde 1963, o Día das Letras Galegas.

No propio 1963, foi a mesma Rosalía de Castro a seleccionada para o festexo. Ao ano seguinte, a honra recaeu na outra figura central do sistema literario galego: Daniel Castelao, un dos primeiros autores monolingües en galego, fundamental líder nacionalista, artista polifacético, etc. As maiores dificultades de apropiación desta figura por parte do sistema literario español sitúano moitas veces como o outro piar nominal da literatura galega. Así nolo amosa o feito de que fosen ela e el quen desen inicio ao Día das Letras ou, tamén, as discusións que se produciron hai un par de anos cando se falou da creación dun instituto de promoción internacional da nosa cultura, que para algúns sectores debería chamarse Rosalía de Castro e, para outros, Daniel Castelao. Até onde sei, ninguén propuxo outros nomes. Nin Ricardo Carvalho Calero nin Celso Emilio Ferreiro nin Manuel Curros Enríquez nin —o que aquí máis nos interesa— Álvaro Cunqueiro.

Pois ben. Resulta que Rosalía de Castro faleceu en xullo de 1885 e que Daniel Castelao naceu poucos meses despois, en xaneiro de 1886. Isto é: en 2010 foron os 125 anos da morte da escritora e en 2011 os 125 da chegada ao mundo do escritor. Nin un nin outro evento contaron con programación especial por parte da Xunta nin das principais institucións culturais galegas. En verdade, sobra o adxectivo *especial*. Non houbo programación sobre ambos.

Foi o movemento cultural —ou mesmo partidario— nacionalista, co apoio como moito dalgúns concellos ou pequenas empresas, quen lembrou e —conxuguemos en presente, por este 2011— quen lembra tales efemérides.

Non sorprende, aínda que indigne, a inacción do actual Goberno galego, presidido por Alberto Núñez Feijóo. As súas políticas de ataque á lingua e á cultura do país son características do mandato autonómico que comezou en 2009. Mais

hai unha interrogación que temos que formularnos en voz alta aquí e agora: Por que as institucións culturais galegas tamén ficaron de brazos cruzados?

A pregunta é pertinente cando nos encontramos nun Congreso sobre Álvaro Cunqueiro, inserido nun amplísimo e diversificadísimo programa de actividades do Consello da Cultura Galega polo centenario do seu nacemento, que se produce tan en 2011 como o 125 aniversario do nacemento de Castelao.

Que ninguén pense que estou a propor que se produza ningún asalto ao Pazo de Raxoi canonizador para impor os criterios dunha galega Escola do Resentimento (Bloom, 1995). Que ninguén pense tampouco que desde aquí se quere deslexitimar a obra do xenial Álvaro Cunqueiro, cuxos moitos méritos serán debullados por exemplo neste congreso.

Mais é que a pregunta de por que se produce esta escolla e non outra é moi pertinente; demasiado pertinente. Se compararmos a forma de proceder neste aspecto das nosas institucións culturais coas das culturas normalizadas —por exemplo, o acontecido co cuarto centenario do *Quixot*— encontrámonos cunha irregularidade, cunha disfunción.

Poderíase pensar inxenuamente que tal escolla se produce porque Álvaro Cunqueiro é unha figura descoñecida e que cómpre ser recuperada, fronte a unha suposta hexemonía social de Rosalía de Castro e Daniel Castelao. Mais sería faltar á verdade.

Cunqueiro é, sen cuestionamentos, un dos grandes autores da literatura galega, cuxo espazo protagónico pode cotexarse por exemplo nos manuais escolares da materia, tanto nas partes de historia da literatura como nas seleccións de textos. Poderíamos falar tamén da súa presenza no rueiro de diferentes concellos, de como o seu nome se usou para outorgar premios de diferente tipo, ou como a súa sentenza sobre as «mil primaveras máis» foi e é multiplicada polo movemento social en defensa do galego. Non estamos, pois, ante un escritor anónimo.

Que a súa sexa a única figura merecente de tales recoñecementos por parte do Consello da Cultura Galega podería encontrar talvez esclarecemento nunhas declaracións do presidente desta institución. O historiador Ramón Villares explicaba neste mesmo 2011 o seguinte obxectivo para que o Consello planificase a exportación da nosa cultura: «Non podemos estar a todo, haberá que elixir unhas iconas e insistir nelas. Arxentina é Borges, non sete ou oito autores. Os turistas

van a Barcelona por Gaudí, e Barcelona é moito máis, pero céntranse niso» [Jau-reguizar, en liña].

En realidade, só extractei unha parte das palabras de Ramón Villares. Se lermos as declaracións completas, talvez poderemos comprender mellor por que é que o Consello da Cultura Galega só centra os seus esforzos en Álvaro Cunqueiro:

Estamos no medio de dúas culturas moi poderosas, a lusófona e a hispana, pero podemos converternos en pasarela. Tamén deberíamos aproveitar as comunidades de emigrantes en todo o mundo e o Camiño de Santiago de cara a Europa. Non podemos estar a todo, haberá que elixir unhas iconas e insistir nelas. Arxentina é Borges, non sete ou oito autores. Os turistas van a Barcelona por Gaudí, e Barcelona é moito máis, pero céntranse niso. [Jau-reguizar, en liña]

Con certeza, hai unha planificación consciente na *elección* e na *insistencia* nunha única *icona* para converter Galiza en *pasarela* de «dúas culturas moi poderosas». A metáfora da pasarela non sei se é moi pouco axeitada ou demasiado axeitada. A palabra ten dúas acepcións: ben unha «ponte pequena e provisional, pouco consistente» ou «tarima pola que desfilan os modelos» (Pena, 2004). Nin a noción da inconsistencia e provisionalidade nin a de simple galería parecen moi afortunadas desde unha perspectiva de promoción, tanto interior como exterior, da propia cultura, mais iso sempre dependerá dos obxectivos que se perseguiren.

Do meu punto de vista, tal estratexia é un erro, debido a que a cultura galega ten unha institucionalización moi feble e ten un recoñecemento cara a dentro tamén moi débil, mesmo cun futuro en perigo a medio prazo, tendo en conta o acusado descenso de falantes do galego ou a posición minorizada (pouco máis do 10%) e decrecente do mercado editorial interno no seu propio idioma. Procurar convertela en *pasarela* só podería redundar nunha posición aínda máis marxinal, satelizada, ecoica.

Se os circuítos culturais en español son hoxe totalmente hexemónicos en Galiza e a circulación cultural coa Lusofonía é case inexistente, como podería beneficiar hoxe esa consideración de pasarela? E, por certo, por que a cultura galega ten de procurar *iconas* que sexan pasarela e a Arxentina con Borges e —o que máis nos interesa, por ser tamén unha nación sen estado— Cataluña con Gaudí, poden ser moito máis ca iso?

Nesa concepción, a figura única que se ha de escoller para ser distintivo de Galiza debe ter unha produción literaria bilingüe. Daniel Castelao fica así fóra, igual que outros grandes nomes como Ricardo Carvalho Calero (por certo, a pesar das especiais potencialidades que tería este último nome cara á Lusofonía).

O caso de Carvalho Calero merece singular atención. Como é sabido, foi o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Galiza, historiador fundamental da literatura galega contemporánea, primeiro novelista en galego no posguerra, escritor prolífico, activista da normalización, etc. Porén, hai no seu caso unha rechamante tentativa de descanonización por parte das institucións culturais autonómicas. Ricardo Carvalho Calero resulta incómodo, desestabilizador, debido ao seu posicionamento firme pola plena normalidade para o galego, as súas conviccións nacionalistas e a súa defensa —contra a idea creada en 1971— de que o galego e o portugués son dúas formas da mesma lingua.

Mais é tal a forza empeñada en descanonizalo, en apartar a súa figura dun lugar central, que a súa presenza, fantasmática, é cada vez máis importante. Hai dous bos exemplos desta situación. Primeiro, que no ano 2010 foi o centenario de Ricardo Carvalho Calero —igual que en 2011 o é de Álvaro Cunqueiro— e que, porén, con esta efeméride non houbo ningún tipo de actividade singular por parte do Consello da Cultura Galega, da Real Academia Galega ou do Goberno galego. Nada. Un desprezo sorprendente.

Ademais, revitalizan esta presenza fantasmática as non-escollas anuais de Ricardo Carvalho Calero para protagonizar o Día das Letras. Así, o mecanismo de exclusión, que elimina a posibilidade real de honrar e divulgar entre a sociedade a súa obra e a súa figura, afíanzao porén no simbólico.

Mais, volvendo á entidade organizadora deste Congreso, o caso é que Ricardo Carvalho Calero non podería entrar como emblema nunha visión que procura exportar Galiza como *bilingüe*. Entón precipítase outra pregunta na gorxa: Por que Álvaro Cunqueiro si e Rosalía de Castro non? Ou por que Álvaro Cunqueiro si e Eduardo Blanco Amor non?

A resposta dánola Manuel Rodríguez Alonso [en liña] ao argumentar que na etapa autonómica se promoveu a canonización de Álvaro Cunqueiro por «razóns ideolóxicas evidentes». O investigador, que tampouco desmerece o xenio creativo do mindoniense, fai un repaso histórico das vinculacións do autor co franquismo, o seu apoio racista ao colonialismo en África ou, aínda en 1975, as súas declara-

cións machistas cualificando de *broma* o Ano Internacional da Muller e pedindo un ano internacional para as familias e as nais.

Por que chamo a atención sobre todo isto? Primeiro, porque todo o proceso de canonización de Álvaro Cunqueiro se produce esquecendo ou reducindo a importancia da súa existencia biográfica e dos seus verdadeiros posicionamentos ideolóxicos. Parece unha canonización no sentido eclesiástico, de convertelo en beato; no mellor dos casos, trátase de transformalo en significante vacío, válido para todo o que del se pendurar (Žižek, 2006), o cal non é moi honesto intelectualmente.

Con este verniz preséntase a Cunqueiro como se for unha personaxe plana que só se dedicaba a fabular, fronte a outros escritores cuxa heteronomía política xogaríase na súa contra para seren *iconas*. Rosalía de Castro, a pesar da manipulación de que foi obxecto (cfr. Rodríguez, 2011), e Eduardo Blanco Amor entrarían nese caso.

Rodríguez Alonso subliña que «a exaltación, por así dicilo, de Cunqueiro vai vir nos anos da Transición». Antes, dentro do campo literario galego, os seus libros non serían os de mellor recepción nin polo público nin pola crítica. Estes serían os motivos do proceso:

[...] coa chegada da Transición a dereita e o poder asumen un certo galeguismo.

Fronte a escritores que presentan unha visión do mundo progresista e máis ou menos de esquerda, cumpría opor uns escritores e intelectuais que fornecesen ao poder un galeguismo de dereitas, harmónico e *bien entendido*. Velaí a importancia que van ter Cunqueiro, mais tamén figuras como Risco ou Filgueira Valverde. O poder non vai subvencionar estudos, publicacións ou congresos sobre Neira Vilas, Celso Emilio ou o actual presidente da RAG coa mesma alegría que sobre Cunqueiro ou Risco. En definitiva o europeísmo do Camiño de Santiago de Cunqueiro é o europeísmo do PP ou do grupo Galaxia. (Rodríguez Alonso [en liña]).

Que o goberno de Núñez Feijóo financie actividades polo centenario de Álvaro Cunqueiro e que enxalce a súa obra como a do «meirande fabulador da literatura europea das últimas décadas» (AELG [en liña]), mentres nega o pan e o sal á posibilidade de lembrar a Castelao, Carvalho Calero ou Rosalía de Castro, é bastante elocuente, aínda que non sexa o único factor que explique esta situación. Con certeza, Cunqueiro non ten ningunha culpa diso.



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AELG [en liña]: «Francisco López: ‘Cunqueiro é o meirande fabulador da literatura europea das últimas décadas e o herdeiro natural dos trobadores medievais», Axenda Cultural AELG, 14 de xullo de 2001 (<http://axendaaelg.blogaliza.org/2011/07/14/francisco-lopez-cunqueiro-e-o-meirande-fabulador-da-literatura-europea-das-ultimas-decadas-e-o-herdeiro-natural-dos-trobadores-medievais/>) [Última consulta, 15/07/11].
- BLOOM, Harold: *The Western Canon. The Books and School of the Ages*, Londres, Papermac1995.
- EL PAÍS [en liña]: «El duelo dialéctico entre Aznar y Zapatero», (<http://www.elpais.com/especiales/2001/estadonacion/duelo.html>) [Última consulta, 13/07/11].
- JAUREGUIZAR [en liña]: «Ramón Villares: ‘A cultura galega non se pode medir nos votos do nacionalismo», *El Progreso*, 19 de xuño de 2011 (<http://elprogreso.galiciae.com/nova/96700.html>) [Últim consulta, 15/07/11].
- PENA, Xosé Antonio (dir.): *Gran Dicionario Cumio da Lingua Galega*, Vigo, Cumio, 2004.
- RODRÍGUEZ, Francisco: *Rosalía de Castro. Estranxeira na súa patria*, A Coruña, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 2011.
- RODRÍGUEZ ALONSO, Manuel [en liña]: «A canonización de Cunqueiro», en Bouvard e Pécuchet. Crítica arbitraria de libros e outros obxectos impresos, 7 de maio de 2001 (<http://bouvard.blogaliza.org/2011/05/07/a-canonizacion-de-cunqueiro>) [Última consulta, 15/07/11].
- ŽIŽEK, Slavoj: *Bem-vindo ao deserto do real*, Lisboa, Relógio d’Água, 2006.

